

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMGZI1D6	<i>Expediente</i> CON/62/2014	<i>Fecha</i> 17-07-15 10:50

Número 3 .- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á adxudicación do Servizo de reparación de parques infantís para obter certificación do cumprimento da normativa a favor da empresa ZONA DE OBRA O ROSAL SLU.

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 17 de xullo de 2015 adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 3 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO AMBIENTE E CONVIVENCIA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE REPARACIÓN DE PARQUES INFANTÍS PARA OBTEN CERTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DA NORMATIVA A FAVOR DA EMPRESA ZONA DE OBRA O ROSAL SLU.

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela do informe-proposta, de data 2 de xullo de 2015, do encargado de Parques e Xardíns, conformado coa mesma data polo concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia. Así mesmo, do informe favorable nº 2015/528 de data 14 de xullo de 2015, da técnico de Intervención, conformado pola Interventora municipal.

O devandito informe-proposta é do seguinte teor literal:

EXPEDIENTE: *Servizo de reparación de parques infantís para obter certificación do cumprimento da normativa.*

ASUNTO: *Adxudicación do contrato a ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.U.*

ANTECEDENTES:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMGZI1D6	<i>Expediente</i> CON/62/2014	<i>Fecha</i> 17-07-15 10:50

Primeiro: Con data 26 de maio de 2015 celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador *ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.U.*

Segundo: O concelleiro delegado de contratación, mediante resolución de 29 de maio requírelle para que aporte como trámite previo á adxudicación do contrato:

- Documentación xustificativa de estar ó corrente nas súas obrigas tributarias e de seguridade social
- Documentación acreditativa da súa solvencia económica e técnica
- Documentación acreditativa da súa capacidade de obrar
- Xustificación do pagamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes

Terceiro: Finalmente, o 25 de xuño celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e conforme ao acordado antedita reunión da mesa de contratación de 26 de maio, procede realizar a seguinte:


PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa **ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.U.**, por un importe de 37.490,32 euros (IVE aparte 21%: 7.872,97 euros), ó ser a máis vantaxosa das presentadas.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **050 17100 21000 22014006270.**"

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:

Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa **ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.U.**, por un importe de 37.490,32 euros (IVE aparte 21%: 7.872,97 euros), ao ser a máis vantaxosa das presentadas.



<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMGZI1D6	<i>Expediente</i> CON/62/2014	<i>Fecha</i> 17-07-15 10:50

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **050 17100 21000 22014006270**.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: **Xan Xesus Duro Fernández**



